

Paseo económico pola obra poética de Manuel María

MANUEL ROCA

Neste tempo en que tanto abundan os consellos médicos sobre os beneficios dos paseos en xeral, que mellor que unha andaina outonal pola obra poética de Manuel María? Penso que a Manuel Hortas Vilanova non lle desgustaría que “*andando á terra*” fôsemos dar de cando en vez, con vagar, coa súa obra. Mesmo para unha cousa tan “rara” como un percorrido económico.

Normalmente as persoas chairegas, como xa poderán supoñer vostedes, entramos en contacto coa obra do Manuel pola porta grande do seu poemario: “*Terra Cha*”; permítanme que como chairego sexa fiel á tribo e comece este meu camiñar polo libro que bautizou a nosa comarca (ou a nosa “confederación de tribos chairegas”, coa expresión utilizada onte aquí mesmo por Miguel Anxo Fernán-Vello).

Naquela Galicia de mediados do pasado século en que se publica a primeira edición de “*Terra Chá*”, o sector agro-gandeiro e os oficios tradicionais eran os piares básicos da economía precapitalista da Galiza interior, caracterizada entón polo policultivo de subsistencia. Manuel cantoulle aos labregos de Xustás ou Gaibor e ás “terras centeeiras que producen o pan e a seguridade de todo o ano”, aos oleiros de Bonxe e Silvarrei, aos zoqueiros de Loentía e Formarán, aos criadores de capóns e aos cesteiros, aos queixos de San Simón e ao carro do país nun poema que, musicado por Mero, se ten convertido en auténtico himno chairego (“o meu carro é cerna dura/sábese carballo e freixo...”).

Naquela Galicia rural un organismo oficial creado polo franquismo en outubro de 1939 (o *Instituto Nacional de Colonización*) traballou arreo nos proxectos de colonización da comarca chairega. Ese organismo, creado “para realizar los amplios planes de colonización de acuerdo con las normas”, en 1971 trocaría o seu nome

por outro máis “aséptico” que se cadra podería evitar equívocos no mesmo ano en que Robert Lafont publicaba “*Descolonizar en Francia*” e catro anos despois da publicación do primeiro libro en que analizou o “colonialismo interior” (“*A revolución rexionalista*”). Daquela Xosé Manuel Beiras afiaba as armas da intelixencia e o traballo para o seu achegamento ao proceso do colonialismo interior en Galiza (publicado en 1973: *O atraso económico de Galicia*, aínda que se volve sobre o tema xa anunciou no limiar da segunda edición -en 1981- que lle chamaría “*A espoliación de Galicia*”), obra que seguiu a: “*El problema del desarrollo en la Galicia rural*”, en que fixo unha caracterización da economía agraria galega dentro do modelo do “precapitalismo” sombartiano.

A partir da segunda edición do “Terra Cha” (1967) Manuel María abre o libro co poema: “*Canto á Terra Cha*”, en que entre outras cousas escribe:

“Agora a terra Chá é outra terra.
 (...)
 A terra, vella e sabia, nada di.
 Porque esta terra, sempre despoboada,
 -habitada só de vento e choivas,
 xeadas, xistras e aves frías-
 cecáis non comprende cabalmente
 a *Colonización*, tan aireada
 un día e outro nos xornais...”

No poema que pecha o libro a partir da segunda edición (titulado: “*Pranto pola Terra Chá*”) láíase do resultado desa “modernización” e “colonización”:

“Colonizaron a Terra Chá tan colonizada,
 que a trocaron noutra terra diferente ...
 (...)
 ¡Eu quero unha Terra Chá chea de fartura!
 ¡Unha Chaira boa e rica e moi sinxela
 que, anque teña riqueza, siga sendo pura
 e que, inda sendo rica, siga sendo ela!”

No tempo da publicación da primeira edición de “*Terra Chá*” (1954) Galicia conservaba aínda o esmagador peso do rural que a caracterizou secularmente, e a súa estrutura económico-social seguía a caracterizarse polo nidio predominio do emprego da súa poboación no sector primario, en que traballaba aínda máis do setenta por cento da poboación ocupada galega.

Pero cómpre non esquecer que na década dos sesenta as mudanzas económico-sociais comezaron a coller forza; foi avanzando a “economía de mercado” e esmorecendo o policultivo “de subsistencia” que caracterizara historicamente o noso sector rural. Co devalar do rural, vanse perdendo vellos oficios. Unha fermosa referencia a algúns dos oficios que secularmente existiron en Galicia e que xa van dando mostras da súa decadencia figura no poema “*O soñador*”, incluído en “*Os soños na gaiola*” (1968), en que lembra os muiñeiros e ferreiros, os mariñeiros e fogueteiros, os canteiros e gaiteiros:

“Quixera ser muiñeiro
para me enfoular de fariña.
¡Levaría branca a pucha,
non cobraría a maquí!”...

En “*Versos para cantar en feiras e romaxes*” (1969), publicado en Montevideo, refírese aos “traballos e os días” das clases populares que co seu traballo terman (desde Galicia ou desde fóra dela -vía remesas da emigración-) da estrutura económica de Galicia. Dedicoulle poemas ao labrego, ao mariñeiro, aos obreiros, aos emigrantes e mesmo (no tempo do comezo da tecnocracia opusdeísta) recolle a “meditación dun técnico fronte ao agro galego”. No poema “*O mariñeiro*” escribiu:

“Din que o mariñeiro
é de espírito inquedo,
aventureiro,
que non coñece o medo.
(...)
O que nunca sentín,
nin lín
escrito en ningún lado
é o pavor
que o mariñeiro
en si leva gardado;
nin o tristeiro
das noites de trebón
que fan naufragar
a embarcación”.

Tampouco é precisamente para Manuel María o “espírito aventureiro”, por suposto, a causa da secular emigración que padeceu Galiza ao longo da súa historia, senón a falla de xeración de postos de traballo na nosa terra para empregar a nosa forza de traballo. Sabido é que no terceiro cuarto do pasado século emigraron ao redor dun millón de persoas de Galicia (das que só regresaron nese xeira un 40%, polo que a emigración neta acadou as 600.000 persoas). No poema: “*Antroido (Triptico de Xavier Pousa)*”, xa publicado no *Correo de Galicia* de Bos Aires dous meses antes da publicación no libro, escribe estes versos cando está no seu cénit a emigración galega:

“Esta multitude ao por maior
que cheira a terra e a suor,
cargada de maletas,
miserias e puñetas,
vai cara á estación
coller o tren
da emigración.
(...)

Ollade aos que se van,
 coa carteira valeira
 e en ringleira,
 na percura do pan.
 Estes que non se van,
 son os donos do pan
 e tamén son, segundo coido,
 os reises do antroido.

E no poema: “*A emigración*” certificou o cambio de destino dos nosos emigrantes respecto de xeiras anteriores:

“Agora non é como denantes:
 os emigrantes
 non van en vapores
 prá América soñada:
 venden os seus suores
 e as súas dores
 á Europa cultivada,
 industrializada
 e supercivilizada.
 Ou vanse para Bilbao,
 que queda máis a maó,
 e tamén para Madrid e Barcelona,
 cidades de primeira, de boa sona,
 nas que hai barrios turbios,
 suburbios,
 arrabales
 e mínimos xornales
 para emigrantes normales”.

Naquela Galicia os obreiros comezaban (nas folgas de 1967, 1970 e 1972) a dar mostras de que “os tempos ían cambiando” (Bob Dylan *dixit*); deles escribe nun poema que, obviamente, non se titula “Produtores” (como se lles chamaba no réxime franquista) senón “Obreiros”:

“Vós facedes camiñar para diante
 ao mundo, facédelo avanzar.
 ¡Deixádeme que vos cante!
 Deixádeme berrar
 e protestar,
 operarios
 proletarios
 contra dos mínimos salarios
 e da explotación
 por parte do patrón”.

Na Galicia daquela “década prodixiosa” houbo importantes loitas contra o asolagamento de vales para a construción de presas hidroeléctricas (como en Castrelo do Miño, en 1967). Aínda non comezamos a agasallar aos alleos con parques eólicos pero xa empresas do conde de “Fuerzas Eléctricas del Noroeste” expropiaban os labregos para engrandeceren unha empresa que, de costas ás necesidades do desenvolvemento galego, paga xa hai ben anos o imposto polo seu beneficio onde ten a súa sede social: en Madrid. No poema “Galicia” escribiu Manuel María:

“Paisaxes de Galicia:
 ¡qué ledicia
 e qué vistas
 para tarxetas postais
 fenomenais
 e para os turistas!
 (...)
 Non falarei da saudade
 (pois teño idade
 para non facer barbaridade
 de tanta gravidade)
 (...)
 Nos ríos fanse presas
 que dan grandes remesas
 de electricidade
 de alta calidade
 e gran utilidade
 para a sociedade
 civil
 e mercantil”.

Tamén fóra de Galicia (desta volta en Bos Aires) saíu do prelo o Día da Patria de 1970, “patrocinado polo amor e os cartos dos nosos emigrados” (son verbas do Manuel) o libro “*Remol*”, que o seu autor mandou con anterioridade á Editorial Galaxia pero devolvéronllo ... porque diante del había, agardando turno de publicación, ¡trece libros de versos!. Recolle neste libro poemas escritos entre os anos 1963 e 1968. Un dos poemas deste libro leva un título inequívoco: “*Falan uns campesiños aos que lles expropiaron as terras*” e outro: “*Fala calquer galego*”; deste último son os seguintes versos:

“Digo que non quero emigrar. Non.
 Non quero. Eu non quero.
 Pero debo emigrar.
 (...)
 Eu teño que marchar, que deixar
 esta vella terra, esta nai
 que leva séculos durmindo
 sen acordar nunca do seu sono,

sen escoitar a voz dos fillos
 que anceian despertala; ela
 sigue dándose aos alleos por nada,
 sigue entregándose aos que
 non a comprenden nin a aman
 Sigue durmindo. Sempre dorme”.

Posibelmente o poema máis coñecido deste libro sexa: “*Acuso á clase media*”, publicado orixinalmente en “A Nosa Terra”, en Bos Aires, marzo de 1965, e recitado coa voz do Manuel en Edigsa/Xistral en 1968. Lembremos os derradeiros versos, en que como xa supoñerán vostedes, calquera parecido coa realidade pode que fose mera coincidencia (e pode que non):

Clase media, grandes e pequenos burgueses,
 comerciantes enriquecidos co estraperlo,
 viñateiros, aceiteiros, contratistas,
 avogados sen lei e sen conciencia,
 propietarios de casa e de contas correntes,
 burócratas que adulades ao amo
 e que esquecedes o pobo do que vides;
 xentes que comerciades coa emigración,
 coa fame, coa inxustiza e coa miseria;
 ladrós que percurades títulos nobiliarios,
 asasinos que mercades indulxencias e autos
 derradeiros modelos que vos leven ao ceo,
 ¡no nome do pobo, eu vos acuso!”.

En 1970 saíu do prelo *Canciós do lusco ao fusco*; alí nos lembrou que “pasa a pé, pola aceira/ xente obreira/ que fai subir os dividendos e as acciós/ das súas explotacións” ou que “nas fábricas tocan as sereas/ anunciando a saída/ cara á vida/ rachando as cadeas/ que levamos metidas deica as veas/ e que nos atan ao traballo cotián/ que trocamos por pan”.

En 1972 publicou en Porto *Odas nun tempo de paz e de ledicia*, en que lle dá a volta a diversas situacións e nos presenta o bo patrón defendendo con teimosía os seus asalariados, a achega dos tendeiros “ao cabal desenvolvemento de Galicia”, as institucións existentes, totalmente axeitadas ás necesidades da sociedade galega ou o agradecemento polo importante labor de colonización. Velaí uns versos do primeiro poema, “*Oda ao meu éxtase lírico*”:

“Comezo este poema en pleno éxtase lírico
 (...)
 O meu éxtase sigue medra que te medra
 e penso no desgraciados que son
 os mandamáis, os ricos e os burgueses

e no ben que están os labregos,
os obreiros, os mariñeiros e emigrantes”.

E outro recollendo o comezo e o remate da “*Oda á colonización*”:

“Dende estes versos ou o que sexan,
pois isto agora pouco importa, quero mostrarme agradecido,
por un mínimo deber de cortesía,
a aqueles homes esforzados
que mandaron ou que viñeron
a colonizar este país.
(...)
os explotados foron eles,
preocupáronse máis de nós
que de si mesmos, fortaleceron
a nosa conciencia como pobo.
¡Qué sería de nós sen a súa axuda!
Despois do dito non teño senón
outro remedio que berrar:
¡Viva a colonización
e que siga vivindo moitos anos!”.

Andamos xa en 1972, ano no que o libro *Terra Cha* acadou a súa maioría de idade. Desapareceu no ano anterior o *Instituto Nacional de Colonización*. Xa non se leva iso da colonización, pois xa o mundo albisca a andaina da *globalización*. Daquela, algúns poboadores de tribos dun antergo reino do *imperio do sol ponente* comezan a andar desde a fisterra, guiados polas estrelas, cara a Tréveris, aquela cidade na que seica executaron a Prisciliano no 385 e na que moitos séculos despois naceu Marx (Carlos, que Groucho naceu en Nova Iork).

Naquel 1972, a *vella toupa* seguía a furar co seu labor *underground* e no ano seguinte o capitalismo mundial comezou o seu maior abaneo despois da grande depresión do '29. Buscáronse respostas en moitos sitios, mesmo “no vento”, pero o segredo seica se garda baixo a inmensa Lagoa do Olló ou o caudaloso regato do Cepelo, máis ben que na Escola de Chicago.

E nada máis. Permítanme rematar cunha ollada ao futuro, desexando que entre todos vaíamos facendo realidade en Galiza aquel verso que o Manuel lle aplicou á Chaira:

“*Que sendo rica, siga sendo ela*”. Velá un curto pero fermoso e completo programa de goberno para a nosa nación.